PLATAFORMA

Festival de artes performativas

plataforma.gal

Localizacións e entradas

A entrada a algúns dos espectáculos (Fundación SGAE, Igrexa da Universidade, Sala Agustín Magán) pode adquirirse a través da web plataforma.gal. Hai descontos do 50 % para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, artistas de calquera disciplina, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas. As entradas para NUMAX poderán comprarse na súa páxina cos prezos e descontos habituais da sala.

gal.

Plataforma. Festival de artes performativas naceu cunha vocación e un obxectivo que continúan na actualidade: o enriquecemento da potencia cultural de Santiago de Compostela. Nesta quinta edición chega a ser un dos festivais de referencia na cidade e unha cita cultural indeclinábel para o mes de maio. Consideramos que o feito de que un festival das características de Plataforma alcance a quinta edición demostra a madurez e a exixencia do público que acode ao festival.

Non é doado etiquetar Plataforma, xa que se trata dun proxecto de carácter transversal que, baixo o fío da performatividade, trata de tender pontes entre artes visuais e artes vivas, a música, a arquitectura, a poesía e outras disciplinas artísticas, traballando en rede e programando accións performativas que están na liña de acción doutras institucións públicas ou privadas como o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), a Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación DIDAC, ou a sede de SGAE, Sociedad General de Autores e Editores, entre outras. Esta complicidade permite presentar iniciativas que, pola súa natureza experimental e híbrida, non adoitan ter cabida nos programas dos museos ou nas programacións estábeis do ámbito cultural, fomentando en moitos casos a colaboración entre artistas de diferentes disciplinas, o que favorece o cruce de públicos diversos e interesantes conexións creativas.

Plataforma bríndase á cidade e quere ser patrimonio da mesma, proxectando o talento local, contextualizándoo

cast.

Plataforma. Festival de artes performativas nació con una vocación y un objetivo que continúan en la actualidad: enriquecer la potencia cultural de Santiago de Compostela. En su quinta edición, se convierte ya en uno de los festivales de referencia de la ciudad y una cita cultural imprescindible para el mes de mayo. Consideramos que el hecho de que un festival de las características de Plataforma alcance la quinta edición demuestra la madurez y la exigencia del público que acude al festival.

Plataforma no es un evento fácil de etiquetar, ya que se trata de un proyecto que bajo el hilo de la performatividad quiere tender puentes entre las artes visuales y las artes vivas, la música, la arquitectura, la poesía y otras disciplinas artísticas, buscando trabajar en red y programando acciones performativas que están en relación con las líneas de acción de instituciones públicas o privadas como el Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), la Universidad de Santiago de Compostela, la Fundación DIDAC, o la sede de SGAE, Sociedad General de Autores y Editores, entre otras. Esa complicidad permite presentar iniciativas que, por su carácter experimental e híbrido, habitualmente no tienen espacio en las programaciones museísticas o en las programaciones estables de ámbito cultural, fomentando en muchos casos la colaboración entre artistas de diferentes disciplinas, lo que favorece el cruce de públicos diversos e interesantes conexiones creativas.

Plataforma se brinda a la ciudad y quiere ser patrimonio de esta, proyectando el talento local, contextualizándolo

gal.

e destacando a riqueza monumental compostelá. Así, as diferentes localizacións axudan a coñecer os distintos espazos da cidade, xa sexan estes marcos paradigmáticos como a Praza do Obradoiro, a de Praterías, a Quintana, San Martiño Pinario ou a Igrexa da Universidade, parques como Belvís, Santo Domingo de Bonaval, ou mesmo as propias rúas ou prazas da cidade. A isto débense sumar as accións performativas concibidas para a colaboración con agrupacións locais, como é nesta ocasión o Coro da Ra que acaba de cumprir trinta anos de existencia e o celebrará inaugurando esta nova edición de *Plataforma* da man do músico e compositor Benxamín Otero.

O festival *Plataforma* comprométese coa riqueza patrimonial de Compostela, mais tamén coa súa diversidade e co fomento da igualdade, pois mantén unha preocupación pola sustentabilidade das súas propostas e pola promoción da arte local. Baixo a dirección da Cooperativa Performa integrada por Mónica Maneiro Jurjo e Iñaki Martínez Antelo, pretende traballar co maior número de axentes, institucións e espazos posibles dunha cidade referente cultural como Santiago de Compostela. Deste modo, o festival encaixa na rica programación cultural santiaguesa pola súa transversalidade, pola descentralización das súas localizacións, pola súa escala, pola súa programación pensada para espazos singulares e pola súa accesibilidade.

Para os membros da Cooperativa Performa, "as accións performativas e escénicas permiten transformar Santiago de Compostela en escenario,

cast.

y buscando siempre potenciar y realzar la riqueza monumental de Compostela. De ahí que las diferentes localizaciones ayuden a conocer distintos lugares o espacios de la ciudad, ya sean estos marcos paradigmáticos como las plazas del Obradoiro, de las Platerías, de la Quintana, de San Martín Pinario o la Iglesia de la Universidad, parques como Belvís, Santo Domingo de Bonaval, o plazas y calles de la ciudad. A todo ello, se le suman acciones performativas pensadas en colaboración con distintas agrupaciones locales, como es en esta ocasión la del Coro da Ra que acaba de cumplir treinta años de existencia y lo celebrará inaugurando esta nueva edición de Plataforma de la mano del músico y compositor Benxamín Otero.

Plataforma es un festival no solo comprometido con la riqueza patrimonial de Compostela, sino con su diversidad y con su fomento de la igualdad, que nació preocupado por la sostenibilidad de sus propuestas y por proyectar el talento local. Dirigido por Cooperativa Performa integrada por Mónica Maneiro Jurjo e Iñaki Martínez Antelo, la intención es siempre la de trabajar en complicidad con el mayor número de agentes, instituciones y espacios posibles de una ciudad referente cultural como Santiago de Compostela. En este sentido, es un festival que encaja en la rica programación cultural de la ciudad por su transversalidad y la descentralización de sus localizaciones, por su escala, por su programación pensada para espacios singulares y por su accesibilidad.

Para los miembros de Cooperativa Performa "las acciones performativas

gal.

convertendo a cidade e os seus habitantes nos protagonistas de cada actividade. As artes vivas, polo seu carácter integrador e participativo, pola súa ineludíbel contemporaneidade e pola súa capacidade de provocar a vivencia directa da creación no aquí e agora, son a canle idónea para comunicar a idea de cidade moderna, de territorio vivo, humano e saudábel, que avanza cara o futuro pensando no fomento de valores como a igualdade, a integración social, a saúde, a educación en convivencia, a sustentabilidade, a ecoloxía e o respecto polo patrimonio, potenciando a cultura como eixo transversal que atravesa todos e cada un dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable polos que aposta a Axenda 2030. Plataforma é un festival inclusivo que promove a colaboración, o que favorece o cruce de públicos diversos e interesantes conexións creativas".

Cunha importante representación feminina e unha aposta decidida polo talento galego, *Plataforma* reuniu ao longo das súas edicións *performances*, música, danza, teatro, poesía, conferencias performativas, deseño e arte contemporánea en exposicións e mediante accións coa capacidade de unir aos protagonistas galegos con valores de gran recoñecemento internacional. Con estreas absolutas de pezas de artistas, *performances* creadas especificamente para o festival ou accións poético-musicais inéditas.

Presentamos agora esta nova edición, sendo a quinta vez que *Plataforma* chega á cidade para convertela en escenario privilexiado da creación contemporánea.

cast.

y escénicas permiten convertir Santiago de Compostela en escenario, haciendo protagonista especial de cada propuesta a la ciudad y sus habitantes. Las artes vivas, por su carácter integrador y participativo, y por su ineludible contemporaneidad y capacidad de provocar la vivencia directa de la creación en el aquí y el ahora, son el canal perfecto para comunicar una idea de ciudad moderna, una idea de territorio vivo, humano y saludable, que avanza hacia el futuro pensando en fomentar valores como la igualdad, la integración social, la salud, la educación en convivencia, la sostenibilidad, la ecología y el respeto por el patrimonio, potenciando la cultura como un eje que atraviesa todos y cada uno de los Objetivos de Desarrollo Sostenible por los que apuesta la Agenda 2030. *Plataforma* es un festival inclusivo que fomenta la colaboración, lo que favorece el cruce de públicos diversos e interesantes conexiones creativas".

Con una importante representación femenina y una decidida apuesta por el talento gallego, *Plataforma* ha reunido en sus diferentes ediciones *performances*, música, danza, teatro, poesía, conferencias performativas, diseño y arte contemporáneo en exposiciones y acciones capaces de unir a protagonistas gallegos con valores de gran reconocimiento internacional. Con estrenos absolutos, *performances* creadas específicamente para el festival, acciones inéditas.

Presentamos ahora esta nueva edición, siendo la quinta vez que *Plataforma* llega a la ciudad para convertirla en escenario privilegiado de la creación contemporánea.

PLA


FOR

MA


TA

2020

PLA

FOR

MA

TA
A FIGURA DA AUTORIDADE
CORPOS INVERTIDOS ESTADES AP?

2021

FOR

PLA

MA

TA

2022

PLA

FOR

MA

TA
RIQUELA CLUB

2023

Benxamín Otero

XOVES 16/05

20.00_Praza das Praterías
Coma un cento de paxaros
Performance concerto
Coro da Ra e Benxamín Otero
Director: Ramón Bermejo
Duración: 25 min
Acceso libre
Estrea absoluta

gal.
A idea do individuo como construción cultural choca directamente coa idea da colectividade. Nun momento actual no que o individualismo opera en todos os ámbitos, podemos observar que extrañamente existe unha homoxeneización cada vez maior nos gustos e intereses. Onde remata o individuo e onde comeza o colectivo?

A acción inaugural indagará a través dun concerto en movemento, en ideas como a formación do grupo, o número, a ocupación do espazo común.
A través dun recitado continuo as persoas membros do coro identifícanse e recoñécense marcando un fito de unión que marca o inicio dun canto conxunto dende cada voz individual coma o voo dun cento de paxaros.

Coro da Ra

cast.
La idea del individuo como construcción cultural choca directamente con la idea de la colectividad. En un momento actual en el que el individualismo opera en todos los ámbitos, podemos observar paradójicamente, como existe una homogeneización cada vez mayor en los gustos e intereses. ¿Dónde termina el individuo y dónde comienza el colectivo?

La acción inaugural indagará, a través de un concierto en movimiento, en ideas como la formación del grupo, el número o la ocupación del espacio común. A través de un recitado continuo las personas miembros del coro se identifican y se reconocen marcando un hito de unión que marca el inicio de un canto conjunto desde cada voz individual como el vuelo de un ciento de pájaros.

Neves Seara

gal.
Neves Seara rescata para este proxecto unha serie de traballos que fixo sobre papeis vellos e herdados, manipulándoos con lume, texto e cinzas dos incendios de Galicia, ou aplicándolles feridas, cunha máquina de escribir, coa boca…

Tratou de escribir neles os seus poemas afogados.

Para esta conferencia perfomativa a artista quere darlle forma a un poemario visual e sonoro sobre a ferida da palabra e o bule bule que acontece tras "perder os papeis".

cast.
Neves Seara rescata para este proyecto una serie de trabajos realizados sobre papeles viejos y heredados, manipulándolos con fuego, texto y cenizas de los incendios de Galicia, o aplicándoles heridas con fuego, con una máquina de escribir, con la boca…

Trató de escribir en ellos sus poemas ahogados.

Para esta conferencia performativa la artista quiere darle forma a un poemario visual y sonoro sobre la herida de la palabra y la prisa que tiene lugar tras "perder los papeles".

Sobre a incertidume, a fraxilidade.
Sobre aprender a amar a cicatriz, a fenda, a ferida.
Sobre a palabra que arde.
Sobre a delicadeza da vulnerabilidade.
Sobre todas nós.
Esta fenda definida e inquebrantable que se converte nun oco, unha apertura pola que pase a luz.

"there's a crack in everything, that's how the light gets in"
Leonard Cohen

VENRES 17/05

19.00_ Fundación DIDAC
Perder os papeis. Palabra ferida
Performance
Duración: 60 min
Vestiario e apoio de produción: Bibí Martín
Acceso libre ata completar aforo
Estrea absoluta

Grace Schwindt

SÁBADO 18/05

18.00_CGAC
Strings
Performance
Duración: 40 min
Entrada libre ata completar aforo
Intérpretes: Grace Schwindt e Macarena Montesinos
Estrea absoluta

gal.

Strings é a peza coa que Grace Schwindt analiza o papel que a figura da moura desempeñou na construción do xénero feminino. O espazo performativo está ocupado por unha grande arpa construída a partir de seis cordas xigantes que se tensan. Unha intérprete, Macarena Montesinos, cun espazo sonoro especialmente deseñado para a ocasión, utilizará as cordas e o seu corpo para interpretar unha composición musical. O son tratarase coma un material a través do cal contar unha historia e desmitificar e deconstruír a figura da serea e a súa significación política.

cast.

Strings es la pieza con la que Grace Schwindt analiza el papel que la figura de la *moura* desempeñó en la construcción del género femenino. El espacio performativo está ocupado por una gran arpa construida a partir de seis cuerdas gigantes que se tensan en el espacio. Una intérprete, Macarena Montesinos, con una creación sonora especialmente diseñada para la ocasión, utilizará las cuerdas, y su cuerpo para interpretar una composición musical. El sonido se tratará como un material a través del cual contar una historia y desmitificar y deconstruir la figura de la sirena y su significación política.

Mónica Valenciano

SÁBADO 18/05

20.00_Fundación SGAE

El lugar de los pasos perdidos

Performance Danza

Duración: 60 min

Entradas á venda en plataforma.gal

Prezo: 10 euros.

Corpografía e interpretación: Mónica Valenciano

Música: Bach. *Sonata n.º 9 A Major para violín e piano, Op. 47*

Deseño iluminación: Cristina Libertad

Acompañamento en residencia de creación: Raquel Sánchez, Cristina Carroquino, Chefer Cuneo e María Escobar

Espacios de residencia en colaboración: Teatro Ensalle (Vigo), CasaVella (Ourense), Espacio en Blanco (Madrid) e La Casa Encendida (Madrid)

gal.

Hai un lugar da memoria onde os pasos anteriores resoan en presente, un espazo potencial onde a presenza sucede como lugar de aparición, algo acode nesa trama palpitante... entre os pasos que o tempo suspende, o corpo móvese levado por aquilo que trae, unha polifonía de voces na voz. Alá onde unha chamada se xoga en nós escoitamos a lingua que arde, a pregunta en ruinas baila o seu extravío… emerxencias dun tempo que á vez ignoramos.

cast.

Hay un lugar de la memoria donde los pasos anteriores resuenan en presente, un espacio potencial donde la presencia sucede como lugar de aparición, algo acude en esa trama palpitante... entre los pasos que el tiempo suspende, el cuerpo se mueve llevado por aquello que trae, una polifonía de voces en la voz. Allá donde una llamada se juega en nosotros escuchamos la lengua que arde, la pregunta en ruinas baila su extravío… emergencias de un tiempo que a la vez ignoramos.

- Y la ocasión cantaba: entre todo la sed ladra en la saliva.., a patadas la melodía dejaba caer tres notas y un ciego en la voz duele lejos aquí, la otra cara del gesto ofrecido.
Entre todo la sed tiembla en agujero,
moviendo acentos a plena luz escucha
donde...margulla el esqueleto,
¿a qué sabe ahora tu silencio?
Con la boca abierta... la curiosidad del cuerpo salvaje y
su abrevadero de ausencias tras la lengua,
no llega la pregunta a convertirse en nido
lo que sopla cruza la intemperie,
dejando ver la transparencia más antigua
pastaban los ojos de aquella noche, en
apenas un instante escupió el bosque.
Aún la imagen cuenta semillas... pasos de una multitud
en el fondo del rasguño.
De qué hablan los muertos...
lo que no sabes alcanza primeros pasos,
en el suelo de otra voz
danza ...
¿Es tiempo de qué?

Nuria Vil

DOMINGO 19/05

13.00_Fundación DIDAC
Declaro deserto
Poesía performativa
Duración: 30 min
Entrada libre ata completar aforo
Estrea absoluta
Colabora: Deputación da Coruña

gal.

Declaro deserto é un proxecto de poesía expandida e paisaxes sonoras, que entende a poesía como un ente vivo que se nutre de distintas disciplinas.

No proxecto de Nuria Vil o deserto aparece coma un lugar de transformación da voz poética e un elemento máis da memoria colectiva no que se repiten as violencias.
Un corpo transita o territorio e déixase atravesar por el para aceptar os cambios e integrar as cicatrices.
A intimidade forzada e a incomodidade serán os puntos de partida do traballo performativo de Nuria Vil para dar forma á peza.

cast.

Declaro deserto es un proyecto de poesía expandida y paisajes sonoros, que entiende la poesía como un ente vivo que se nutre de distintas disciplinas.

En el proyecto de Nuria Vil el desierto aparece como un lugar de transformación de la voz poética y un elemento más de la memoria colectiva en el que se repiten las violencias.
Un cuerpo transita el territorio y se deja atravesar por él para aceptar los cambios e integrar las cicatrices.
La intimidad forzada y la incomodidad serán los puntos de partida del trabajo performativo de Nuria Vil para dar forma a la pieza.

“un corpo non esperta enfermo así como así
un corpo non se fai deserto
se non é á forza de esgotarlle os recursos
e a vontade”

María Jerez

DOMINGO 19/05

18.00_CGAC
Blob
Performance
Duración: 45 min
Entrada libre ata completar aforo
Estrea en Galicia

Creación: María Jerez
Son: Albertijn & María Jerez
Coproducida por What Is Third, La Casa Encendida (Madrid), Buda Kunstencentrum (Kortrijk), University of Zagreb-Student Centre Zagreb-Culture of Change & TD Theatre
Co apoio de TanzFabrik (Berlín)
Proxecto financiado por Apap - Performing Europe Project coa colaboración de «Creative Europe» - European Union Program "Culture 2007-2013"

gal.

Blob é unha *performance* en solitario que se enfronta a un enigma, o misterio de como o encontro de dous (ti e Blob) pode crear un terceiro, unha terceira cousa, unha terceira dimensión, algo, algo que non estaba aí antes, e que nin sequera estaba destinado a estalo; algo que xorde do propio encontro.
E mentres xorde, transforma a ambos: a ti e a Blob… producindo así un cambio, un proceso de desidentificación, unha colisión co indefinido.

Blob é unha entidade, unha especie de célula mutante, algo que cambia constantemente. Nesa transformación constante, *Blob* propón a incapacidade de nomear o que se ve.

Blob foi creada dentro do proxecto *WHAT IS THIRD* de María Jerez.

cast.

Blob es una *performance* en solitario que se enfrenta a un enigma, el misterio de cómo el encuentro de dos (tú y Blob) puede crear un tercero, una tercera cosa, una tercera dimensión, algo, algo que no estaba ahí antes, y que ni siquiera estaba destinado a estarlo; algo que surge del propio encuentro.
Y mientras surge, transforma a ambos: a ti y a Blob… produciendo así un cambio, un proceso de desidentificación, una colisión con lo indefinido.

Blob es una entidad, una especie de célula mutante, algo que cambia constantemente. En esa transformación constante, *Blob* propone la incapacidad de nombrar lo que se ve.

Blob fue creada dentro del proyecto *WHAT IS THIRD* de María Jerez.

DOMINGO 19/05

20.00_Igrexa da Universidade
Fóra de si
Performance
Duración: 40 min
Concepto e coreografía: Luz Arcas
Intérpretes: Luz Arcas e Nuria Sotelo
Colabora: A Casa Vella e Amarela Distribucións Escénicas
Entradas á venda en plataforma.gal
Prezo: 10 euros
Estrea absoluta

Nuria Sotelo

gal.

Fóra de si é un encontro entre Nuria Sotelo e Luz Arcas froito do Ciclo *Conexións A Casa Vella*, que se presenta no Festival Plataforma como un proceso de creación despois de diversos encontros virtuais e epistolares.

O punto de partida é a investigación que Luz Arcas está a realizar ao redor de *El cuerpo jondo:*

"Levo uns anos traballando no jondo como motor de movemento interno e punto de partida para os meus bailes. Na busca expresiva e experimental, desligada formalmente de calquera tradición, pero conectada enerxéticamente coas expresións da miña terra, co flamenco, os ritos e supersticións, co folclore andaluz e os seus bailes e cantes do arraigo."

Luz tratará de acompañar a Nuria nunha viaxe similar, alimentado da súa propia experiencia do mundo, do corpo, a súa comunidade.

Luz Arcas

cast.

Fóra de si es un encuentro entre Nuria Sotelo y Luz Arcas fruto del Ciclo *Conexions A Casa Vella*, que se presenta en el Festival Plataforma como un proceso de creación después de diversos encuentros virtuales y epistolares.

El punto de partida es la investigación que Luz Arcas está realizando alrededor de *El cuerpo jondo*:

"Llevo unos años trabajando en el jondo como motor de movimiento interno y punto de partida para mis bailes. En la búsqueda expresiva y experimental, desligada formalmente de cualquier tradición, pero conectada energéticamente con las expresiones de mi tierra, con el flamenco, los ritos y supersticiones, con el folclore andaluz y sus bailes y cantes del arraigo."

Luz tratará de acompañar a Nuria en un viaje similar, alimentado de su propia experiencia del mundo, del cuerpo, su comunidad.

¡Qué bien le va a venir esta charla al campo!

¿Qué campo? – ¿Qué charla?

Entro en un sitio y poco a poco me adentro en diferentes dimensiones de él para acabar en otro sitio diferente sin saber dónde estoy ni cómo he llegado a él, pero sin sentir que estoy perdidx.

No pienso en si me interesa o no, no me tiene que interesar, siento y me siento bien aquí.

Cuando me vaya querré volver, ¿lo haré? Tantos sitios en los que me sentía bien a los que no he vuelto.

Creo que de eso trata esta charla, de volver.

¿volver? – ¿charla?

gal.

Nesta charla performativa Juan Domínguez pon en práctica os conceptos de tempo, linguaxe e teatralidade para explorar dunha maneira poética e abstracta as sensacións que se teñen ao sentir a perda, a ausencia e atravesar o loito, o paso do tempo e o illamento. Unha conceptualización afectiva desas emocións que seguen sendo innegociables cando te chegan, como o son as tormentas que non te deixan camiñar, se non é a risco de volver, cando menos empapadx, exhaustx, con esa cara… ou de non facelo, de non volver xamáis…

cast.

En esta charla performativa Juan Domínguez pone en práctica los conceptos de tiempo, lenguaje y teatralidad para explorar de una manera poética y abstracta las sensaciones que se tienen al sentir la pérdida, la ausencia y atravesar el duelo, el paso del tiempo y el aislamiento. Una tierna conceptualización de esas emociones que siguen siendo innegociables como lo son las tormentas que no te dejan caminar, sino es a riesgo de no volver, cuando menos empapadx, exhaustx, con esa cara… o de no hacerlo, de no volver jamás…

Juan Domínguez

VENRES 24/05

19.00_ Sala Agustín Magán, Santa Marta
nO me tienE quE interesaR
Charla performativa
Duración: 40 min
Entradas á venda en plataforma.gal
Prezo: 10 euros
Estrea en Galicia

Carmen Troubles

SÁBADO 25/05

11.00_NUMAX
Carmen Troubles
Película
Duración: 53 min
Entradas á venda en numax.org
Estrea en Galicia e España

gal.

A nova película de Vasco Araújo (Lisboa, 1975) *Carmen Troubles*, revisa o mito de Carmen, unha das óperas máis coñecidas do repertorio e que atravesa a tradición operística e o activismo feminista xitano. A partir da historia da ópera *Carmen* de Bizet, o proxecto analiza a imaxe estereotipada da muller xitana no século XIX e como se formou e perpetuou o enorme prexuízo que impera no imaxinario das sociedades occidentais e que constitúe unha forma de racismo máis ou menos inconsciente. Ao mesmo tempo, asistimos ao empoderamento das organizacións de mulleres xitanas españolas que buscan colectivamente defender e cambiar o que segue sendo a visión imperante das mulleres xitanas e as súas comunidades na actualidade.

Ao final da proxección terá lugar un coloquio entre o artista Vasco Araújo e a directora de cinema Margarita Ledo para falar da película.

cast.

La nueva película de Vasco Araújo (Lisboa, 1975) *Carmen Trouble*s, revisa el mito de Carmen, una de las óperas más conocidas del repertorio y que atraviesa la tradición operística y el activismo feminista gitano. A partir de la historia de la ópera *Carmen* de Bizet, el proyecto analiza la imagen estereotipada de la mujer gitana en el siglo XIX y cómo se formó y perpetuó el enorme perjuicio que impera en el imaginario de las sociedades occidentales y que constituye una forma de racismo más o menos inconsciente. Al mismo tiempo, asistimos al empoderamiento de las organizaciones de mujeres gitanas españolas que buscan colectivamente defender y cambiar lo que sigue siendo la visión imperante de las mujeres gitanas y sus comunidades en la actualidad.

Al final de la proyección tendrá lugar un coloquio entre el artista Vasco Araújo y la directora de cine Margarita Ledo para hablar de la película.

Carmen Troubles, 2022
Dirección: Vasco Araújo
Intérpretes: Pilar Távora, Ana Maria Segovia Montoya, Beatriz Carrillo, Pastora Filigrana
Músicos: Júlia Manzano, António Fernández Motoya "Farru", Absalon Motos
Música orixinal: *Soy lo que soy,* composta e interpretada por Antonio Fernández Montoya "Farru" e Júlia Manzano
Música: *Carmen Suites n.º 1 e 2* de Georges Bizet, interpretada por Philharmonia Cassovia, (dir. por Alfred Walter) co permiso de Naxos
Produción: C.R.I.M.

Vasco Araújo

SÁBADO 25/05

13.00_Fundación DIDAC
Inauguración exposición
E agora para onde vou?
Comisario: Iñaki Martínez Antelo



gal.

A produción artística de Vasco Araújo (Lisboa, 1975) caracterízase pola multiplicidade de linguaxes e medios aos que recorre para a formalización das súas ideas. Así, utiliza dende o debuxo ou a pasta de modelar pasando polo vídeo, a fotografía, a *performance*, a instalación, ou o canto lírico. Vasco Araújo realiza unha reflexión plástica sobre a identidade, que aborda a través da máscara, da transformación, a narrativa e a linguaxe. A arte é un lugar privilexiado para establecer relacións entre a realidade e o artificio, entre o individuo e os outros, entre a vida e a morte.

A súa linguaxe analiza os distintos códigos de comportamento e as relacións entre o suxeito e o mundo, propoñendo cuestións dende a diferenza e abordando temáticas relacionadas co colonialismo, o xénero e a identidade, cuestións sociais e políticas.

Nesta exposición preséntase como peza central a obra titulada *E agora para onde vou?* de 2020, na que o artista nos mostra dezaseis libros de acuarelas que representan os dezaseis puntos cardinais da Rosa dos Ventos que se utiliza na navegación. A peza é un pensamento introspectivo e psicolóxico sobre unha grande viaxe por todos os mares e océanos sen nunca entrar na terra, como unha viaxe psicolóxica á deriva. Estas acuarelas van acompañadas de textos do artista baseados nos diarios de Fernão Magalhães e do *Livro do desassossego* de Fernando Pessoa. Malgalhães fixo a primeira navegación dende o océano Atlántico ao océano Pacífico.

cast.

La producción artística de Vasco Araújo (Lisboa, 1975) se caracteriza por la multiplicidad de lenguajes y medios a los que recurre para la formalización de sus ideas. Así, utiliza desde el dibujo o la pasta de modelar pasando por el vídeo, la fotografía, la *performance*, la instalación, o el canto lírico. Vasco Araújo realiza una reflexión plástica sobre la identidad, que aborda a través de la máscara, de la transformación, la narrativa y el lenguaje. El arte es un lugar privilegiado para establecer relaciones entre la realidad y el artificio, entre el individuo y los otros, entre la vida y la muerte.

Su lenguaje analiza los distintos códigos de comportamiento y las relaciones entre sujeto y el mundo, proponiendo cuestiones desde la diferencia y abordando temáticas relacionadas con el colonialismo, el género y la identidad, cuestiones sociales y políticas.

En esta exposición se presenta como pieza central la obra titulada *¿Y ahora a dónde voy?*, de 2020, en la que el artista nos muestra dieciséis libros de acuarelas que representan los dieciséis puntos cardinales de la Rosa de los Vientos, que se utiliza en la navegación. La pieza es un pensamiento introspectivo y psicológico sobre un gran viaje por todos los mares y océanos sin nunca entrar en la tierra, como un viaje psicológico a la deriva. Estas acuarelas van acompañadas de textos del artista basados en los diarios de Fernão Magalhães y del *Libro do desassossego* de Fernando Pessoa. Malgalhães hizo la primera navegación desde el océano Atlántico al océano Pacífico.

Russ

SÁBADO 25/05

22.00_Sala Riquela
Pinchada
Duración: 120 min
Entrada libre ata completar aforo

gal.

Russ é o nome co que Marta Gilino, dj e produtora galega, dáse a coñecer. Tras anos de moldear e afinar os sentidos como dj, dá o salto á produción musical en 2022, lanzando o seu primeiro EP "ZZEN" xunto ao produtor Juait. É nese momento cando comeza a súa traxectoria como produtora que segue evolucionando ata o día de hoxe. Na súa produción combina traballos para artes escénicas e música para proxectos audiovisuais. Ademais, na actualidade, cursa estudos de son que lle permiten desenvolverse na súa paixón pola música.

Coñecida pola súa maneira de mesturar xéneros de maneira dinámica, sempre poñendo énfase nos sons percusivos globais, na *bass music* e nos sons da cultura postclub, estará nesta edición mostrando o lado máis *groovy* da súa paleta sónica, cunha variedade de seleccións que oscilan entre o vangardista e atrevido e o intimista e emotivo.

cast.

Russ es el nombre con el que Marta Gilino, dj y productora gallega, se da a conocer. Tras años de moldear y afinar los sentidos como dj, da el salto a la producción musical en 2022 lanzando su primer EP "ZZEN" junto al productor Juait. Es en ese momento cuando comienza su trayectoria como productora que sigue evolucionando hasta el día de hoy. En su producción combina trabajos para artes escénicas y música para proyectos audiovisuales. Además, en la actualidad, cursa estudios de sonido que le permiten desarrollar su pasión por la música.

Conocida por su manera de mezclar géneros de manera dinámica, siempre poniendo énfasis en los sonidos percusivos globales, en la *bass music* y en los sonidos de la cultura postclub, estará en esta edición mostrando el lado más *groovy* de su paleta sónica, con una variedad de selecciones que oscilan entre lo vanguardista y atrevido y lo intimista y emotivo.

Taller Ana Gesto

gal.

A performer compostelá Ana Gesto impartirá un taller de *performance* teórico-práctico no que desenvolverá as ideas de:

Tempo-Espazo-Presenza

Idea-Materia-Contexto-Proceso-Partitura

O corpo en acción actuará no espazo público da cidade, intervindo no cotián e mostrando outras capas de realidade.

A selección de propostas estará aberta ata o 6 de maio, con prazas de acceso ao curso ofrecidas por Plataforma a través dunha carta de motivación dirixida a info@performa.gal

As persoas que asistan ao taller realizarán diversas *performances* en rúas da cidade nas que mostrarán o aprendido e traballado coa artista Ana Gesto nos días previos. A mostra de resultados terá lugar o día 18 de maio nas rúas do casco vello da cidade.

Información de horarios e lugares das *performances* nas redes do festival e na páxina web plataforma.gal

cast.

La performer compostelana Ana Gesto impartirá un taller de *performance* teórico-práctico en el que desarrollará las ideas de:

Tiempo-Espacio-Presencia

Idea-Materia-Contexto-Proceso-Partitura

El cuerpo en acción actuará en el espacio público, interviniendo en lo cotidiano y mostrando otras capas de realidad.

La selección de propuestas estará abierta hasta el 6 de mayo, con plazas de acceso al curso ofrecidas por Plataforma a través de una carta de motivación dirigida a info@performa.gal

Las personas que asistan al taller realizarán diversas performances en calles de la ciudad en las que mostrarán lo aprendido y trabajado con la artista Ana Gesto en los días previos. La muestra de resultados tendrá lugar el día 18 de mayo en las calles del casco viejo de la ciudad.

Información de horarios y lugares de las *performances* en las redes del festival y en la página web plataforma.gal

MARTES 14 - VENRES 17/05

10.00_Centro Sociocultural Santa Marta
Corpo en acción
Taller de *performance*
Datas: 14-17/05
Horario: 10.00-14:00
Número de prazas: 10 previa inscrición
Prezo do taller 50 euros. Abono a través da páxina web do festival plataforma.gal

SÁBADO 18/05

12.30 e 16:00_Rúas casco vello
Mostra de resultados do taller *Corpo en acción*
Duración: 90 min
Acceso libre

Taller Neves Seara

SÁBADO 25/05

17.00_Parque Bonaval
Corpo escritura
Taller para a cativada
Duración: 90 min
Participantes: 15 prazas
De balde previa solicitude de praza
en info@performa.gal
Idades: de 5 a 10 anos

gal.
O límite, o corpo, o debuxo e a expresividade corporal serán o eixo deste obradoiro no que xogando explorarán diferentes modos de expresarse, entender os seus corpos e capacidades e soltarse no espazo.

A xeito de debuxo expandido, ocuparemos o espazo do parque de Bonaval con debuxos realizados primeiramente con improvisación corporal e sensitiva sobre papeis, e posteriormente interviremos con fíos, las e teas un recuncho do parque.

cast.
El límite, el cuerpo, el dibujo y la expresividad corporal serán el eje de este taller en el que jugando explorarán diferentes modos de expresarse, entender sus cuerpos y capacidades y soltarse en el espacio.

A manera de dibujo expandido, ocuparemos el espacio del parque de Bonaval con dibujos realizados primeramente con improvisación corporal y sensitiva sobre papeles, y posteriormente intervendremos con hilos, lanas y telas en un rincón del parque.

SANTIAGO DE COMPOSTELA
16.05–25.05.2024

BENXAMÍN OTERO
CORO DA RA
NEVES SEARA
GRACE SCHWINDT
MACARENA MONTESINOS
MÓNICA VALENCIANO
NURIA VIL
MARÍA JEREZ

NURIA SOTELO
LUZ ARCAS
JUAN DOMÍNGUEZ
VASCO ARAÚJO
CARMEN TROUBLES
RUSS
ANA GESTO

CONCELLO DE SANTIAGO
Compostela Cultura
CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea
XUNTA DE GALICIA
Deputación DA CORUÑA
DIDAC
SIGNUS
easd mestre mateo
fundación sgae
USC Universidade de Santiago de Compostela
NUMAX
RIQUELA COMIDA | MÚSICA | BEBIDAS

plataforma.gal

O FESTIVAL PLATAFORMA É UN PROXECTO DE COOPERATIVA PERFORMA